

De conformidade co disposto no artigo 21.4 do RD 817/2009 do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público , e art. 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas , aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro, infórmase que, por resolución do concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 4 de xullo de 2011, acordouse constituír a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación do contrato da obra de “Cuberta da pista polideportiva do CEIP Portofaro en Cambre” , (exp. 11/10-1 OB), que estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Manuel Rivas Caridad, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

Vogais:

1.- A concelleira- delegada da área de Igualdade, Benestar Social , Sanidade e Educación, dona M^a Jesús González Roel, e, como suplente, o concelleiro-delegado de Cultura e Turismo don Santiago Manuel Rios Rama.

2.- O concelleiro- delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, don Felipe Andreu Barallobre e, como suplente, a concelleira-delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

3.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a Fernanda Montero Carré.

4.- A interventora da Corporación, dona M^a Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, dona Isabel M^a Fuentes Torices.

5.- A arquitecta municipal dona Carolina Cajide Barbeito, e, como suplente, o aparellador municipal don Roberto Saavedra Vázquez.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de Admón. Xeral dona Verónica M^a Otero López”